



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A ONCE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE TALLERES DE FORMACIÓN NO PROGRAMA CONSUMO ACCESIBLE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR
DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar con **ONCE GALICIA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración e o desenvolvemento conxunto de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, das persoas con discapacidade visual grave afiliadas á ONCE.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como pasos para presentar unha reclamación, protección dos seus dereitos como persoas consumidoras (sobreendebedamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...).

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, asesorando aos seus afiliados e persoal de atención, así como o fomento do coñecemento destes recursos a través das persoas usuarias máis vulnerables.

A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social.

A accesibilidade ao sitio Web do IGCC (<https://consumo.xunta.gal>) para que todas as persoas, con independencia de ter unha discapacidade, da idade ou de acceder á Web desde tecnoloxías pouco convencionais, poidan navegar polas páxinas deste sitio Web sen atopar dificultades de acceso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á





formación directa dirixida a todas as colectividades interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo

Segundo.- Que dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun plan formativo para colectivos vulnerables e diferentes programas entre os que se atopa o denominado Consumo Accesible, que se dirixe, entre outras, a persoas con discapacidade e en situación de pobreza ou exclusión social.

Terceiro.- Que segundo o artigo 6 dos Estatutos reguladores da ONCE (Orde SCB/1240/2019, do 18 de decembro, pola que se publica o texto refundido dos Estatutos da Organización Nacional de Cegos Españóis) son fins da corporación, entre outros, a consecución da autonomía persoal, a rehabilitación, a plena inclusión social e os dereitos da cidadanía, a igualdade de oportunidades e non discriminación e a minimización do impacto que a cegueira ou a deficiencia visual grave presenta na vida dos seus afiliados e afiliadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe

